

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE DE MAIO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente acctal: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
Concelleiros D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a: MARGARITA DEVESA CARDELLE
D^a: M^a. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
D^a. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Escusa asistencia D. ODÓN C. COBAS GARCÍA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte de maio de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente accidental D. Eloy J. Iglesias López, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte


ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (15/04/2010)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día quince de abril do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE de apoio e respaldo á Candidatura da Fundación Vicente Ferrer ó Premio Nobel da Paz

Dáse conta da moción presentada polo PSdeG-PSOE na que se expón que a Fundación Vicente Ferrer é unha ONG de cooperación ó desenvolvemento



radicada na India, que leva máis de 30 de traballo continuado a prol da mellora das condicións de vida das xentes máis empobrecidas daquel país e tentando sensibilizar á sociedade española na loita contra a pobreza e a marxinalidade nos países en desenvolvemento

A citada Fundación naceu como compromiso deste cooperante catalán que dedicou a súa vida e a da súa familia a tentar erradicar a pobreza extrema na India, e a súa morte no 2009 veu acompañada por una masiva manifestación de solidariedade, agradecemento e compromiso na continuidade da súa obra, impulsando milleiros de internautas a través da rede social de Facebook unha Plataforma para propor a candidatura da Fundación ó Premio Nobel da Paz

Por todo iso o PSdeG-PSOE presenta a seguinte moción para mostrar o seu apoio e respaldo á Candidatura da Fundación Vicente Ferrer ó Premio Nobel da Paz, instando ó Pleno do Concello a que mostre de maneira fehaciente ó seu apoio a esta candidatura.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que evidentemente trátase dunha moción de partido pero neste caso dáse por satisfeito por votar a favor da mesma.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE para solicitarlle á Xunta de Galicia a elaboración dun plan anticrise que axude ás PEMEs, autónomos e ós sectores especialmente vulnerables

Dáse conta da moción presentada polo PSdeG-PSOE na que se expón que en Galicia estase a notar a crise en todos os sectores, o que conleva a unha perda substancial de postos de traballo, todo iso sen que o Goberno da Xunta estea a tomar medidas nin teña elaborado un plan anticrise que axude ás PEMEs, ós autónomos e a aqueles sectores especialmente vulnerables que se engloban dentro destas formas xurídicas, polo que insta ó concello de Vedra para que inste ó Goberno galego a:

1º.- Desenvolver novos procedementos para incrementar as posibilidades de acceso á liquidez das empresas e particulares, establecendo unha liña de avais a través do IGAPE, reforzando e ampliando a liña de financiamento subsidiado e avalado a través das Sociedades de Garantías Recíprocas , establecendo o sistema de "toma de razón", propiciando un acordo coa Fegamp, establecendo un compromiso de pago máximo de 30 días para as facturas emitidas a partir de agora e creando no ámbito do consumo a Oficina de atención ó sobreendebedamento familiar

2º.- Promover a internacionalización das empresas galegas de cara a un aumento das súas cifras de negocio, e asimismo a atracción de investidores estranxeiros, de cara a unha maior capitalización da nosa economía, asinando a través do IGAPE un convenio de colaboración co ICEX, creando un marco institucional axeitado para valorar a incidencia dos procesos de deslocalización



de cada actividade e que as subvencións públicas para o fomento empresarial poidan ser utilizadas para levar a cabo procesos de deslocalización

3º.- Promover políticas de apoio cara a un correcto e equilibrado desenvolvemento dos diferentes sectores industriais máis afectados pola crise económica, constituíndo o Consello de Política Industrial de Galicia nos próximos tres meses, aprobando un Plan de específico para empresas de base tecnolóxica con fortes expectativas de desenvolvemento futuro, promover e potenciar programas de eficiencia enerxética, establecendo e potenciando igualmente un plan renove de alumado público e aprobar un plan renove de mobiliario para incentivar o consumo no sector do moble.

4º.- Reforzar programas destinados a acadar un desenvolvemento máis eficiente do I+D+i en Galicia, e unha maior vinculación do mesmo co tecido productivo, aprobando un plan específico para potenciar os programas de I+D+i na aplicación de enerxías renovables e da eficiencia enerxética, nas empresas galegas, nos edificios da Administración e nos edificios residenciais, e dentro das medidas de apoio ó sector público galego ás entidades de investigación e empresas, fixar criterios de innovación e potencial de transferencia tecnolóxica dos proxectos presentados como criterios determinantes


5º.- Desenvolver programas específicos para incrementar a competitividade e a sustentabilidade do sector comercial, á vez que axudar ó impacto que provoca neste sector a crise económica, aprobando un plan integral de mellora da competitividade das micropemes comerciais e habilitando no actual exercicio económico un Fondo Especial adicional cando menos de 6 millóns de euros para axudas ás PEMEs do comercio, para a dotación de novas instalacións e mellora das existentes, co obxecto de que sexan competitivas contribuíndo a sustentabilidade do pequeno comercio e a vertebración dos nosos pobos e vilas

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que a moción recolle unha serie de medidas e que evidentemente se adoptarán as que permitan as necesidades preuspostarias, solicitando o voto favorable de todos os grupos

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que dados os acontecementos da última semana quizais esta moción quedase un pouco caduca, porque efectivamente todos están de acordo en que os autónomos e as pequenas e medianas empresas necesitan medidas de apoio, pero que dificilmente se poden levar a cabo sen cartos encima de mesa e cando se acaba de anunciar un recorte do gasto público en todos os eidos e tamén no financiamento das CC.AA. Pese a isto votará a favor da mesma.

O Sr. Alvela de TEGA di que está totalmente de acordo coa literatura pero que o problema son os fondos, e que no momento actual as empresas teñen que ter un respaldo do goberno que articulen un tipo de axuda, pois entende que é mellor financiar postos de traballo que subvencionar parados

O Sr. Martínez do PP di que é máis un debate de Parlamento e outras instancias que do Pleno de Vedra. Expón que van presentar un texto alternativo á



mesma, pero antes expón que como dixo a voceira do BNG, moitas medidas das que se reclaman non aportan nada e outras xa están en marcha e outras que ó seu entender son propias para a época de crise non se contemplan; e así fala de “erradicar a temporabilidade inxustificada e fomentar o mantemento e recuperación do emprego”, pois se se fomenta o emprego vaise recuperar o consumo; “revisar o conxunto do sistema fiscal para facelo máis equitativo e suficiente para financiar as políticas necesarias”; “consolidar e mellorar a produción do desemprego”; “acometer programas de investimento público en infraestructuras e transporte”, a Xunta xa aprobou un plan ata 2015; “Acelerar a construción de centros públicos educativo-sanitarios”; “Desenvolver a aplicación da lei da dependencia”; “Revisar o sistema financeiro e garantir os créditos ás familias e ás PEME, así como incrementar liñas de crédito do ICO”, e a Xunta xa creou os plans re-brote e re-solve para créditos ás empresas; “cambiar a plataforma de crecemento para avanzar cara unha base industrial sólida en darlle prioridade ós investimentos en I+D+i”, investindo a Xunta no ano 2010 1700 millóns de euros; “crear un marco de política enerxética” e “mellorar o sistema educativo especialmente o da formación profesional”

Di que como a intención é mellorar a situación de Galicia o su grupo vaise abster na votación do PSdeG-PSOE, presentando o seguinte texto alternativo:


“O Concello de Vedra insta:

1º.- A Xunta de Galicia a que siga actuando co mesmo rigor e responsabilidade que amosou ata o momento para palir os efectos da crise económica en Galicia

2º.- E ó Goberno do Estado que aplique un plan de choque a curto prazo baseado en reducir o déficit público aplicando un plan de austeridade n Administración estatal, reestructurar o sistema financeiro para millorar a súa solvencia e liquidez, reformar o mercado laboral para insertar ós mozos que teñen unha desocupación do 45%, baixar os impostos e diminuír a morosidade.”

O Sr. Sánchez di que asume que a responsabilidade nestes temas non lle competen ó pleno senón a outras administracións, pero relamente as medidas hai que tomalas entre todas. Di que non se opón para nada a instar ó Goberno Central a que tome as medidas que estean dentro do seu ámbito, pero recórdalle ó Sr. Martínez que as administracións autonómicas manexan orzamentos semellantes ó gasto público estatal, polo tanto a responsabilidade é compartida.

Dona Xosefina R. Guitián di que evidentemente o debate correspóndelle a outras instancias pero que non está de acordo coa moción alternativa do PP en ningún dos seus puntos, xa que o 1º punto é falso, ó entender que a Xunta de Galicia non está actuando con rigor e responsabilidade, ó vender un plan de austeridade de cara á galería, xa que por un lado afórrase en cargos públicos pero gástase en contratar asesores, di que se mellora a ensinanza pero favorecese ós centros concertados e privados; e en canto ó 2º punto o plan de choque que se solicita, aínda que se pode discrepar del existe; en canto ó



sistema financeiro pódese falar de controlar máis ós bancos e que lle devolvan á sociedade algo do que reciben e polo que respecta á reforma do mercado laboral xa está en marcha, pero o sentido que o PP quere discrepa do de outros, porque entende que aquí se destrúe máis emprego porque está menos protexido que no resto de Europa.

Para rematar di que por un lado o Sr. Martínez solicita medidas e por outra a baixada de impostos o que lle parece demagoxía, polo que vai apoiar a moción do PSdeG-PSOE presentada.

O Sr. Alvela expón que na moción do PSdeG-PSOE solicítanse unha serie de medidas, que despois da intervención do Sr. Martínez do PP, parece que xa están en marcha, e sinalada que veñan de onde veñan o caso é que veñan, e que o tempo dirá se as últimas medidas adoptadas polo goberno central foron axeitadas ou non

O Sr. Sánchez di que non se trata de cargar as tintas sobre ningún goberno, pero que a moción presentouse así e vaise votar así


Sométese a votación o texto alternativo presentado polo PP e rexéitase con 6 votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG , 5 votos a favor do PP e 1 abstención de TEGA.

De seguido o Pleno con 7 votos a favor do PSdeG-PSOE , TEGA e BNG e 5 abstencións do PP aproba a moción inicial presentada polo PSdeG-PSOE.

4º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP en relación ó estudo, modificación, ampliación e adaptación dos núcleos rurais establecidos no PXOM á nova definición de núcleo establecida na modificación da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Dáse conta da moción do PP na que expón que o pasado 21 de abril entrou en vigor a modificación da lei do solo de Galicia (lei 9/2002), para darlle resposta á problemática derivada dos núcleos rurais e á regulación do solo rústico, tratando de axustarse á realidade rural de Galicia

Neste sentido reformúlase o concepto legal de núcleo rural co fin de abarcar con él a multiplicidade de tipoloxías que ofrece a realidade dos nosos asentamentos rurais e que, ata este momento, carecían dunha regulación específica , podendo os plans xerais recoller tres tipos básicos de núcleo rural: o núcleo rural histórico tradicional, para os que se manteñen todas as características que xa se recollían na lei vixente; o núcleo rural común, no que se incluírán todos aqueles asentamentos recoñecibles como solo de núcleo rural que presenten un grao de consolidación pola edificación igual ou superior a un terzo da súa superficie, pero que non reúnan as características imprescindibles para a súa inclusión polo plan xeral no tipo básico anterior e o núcleo rural complexo referido a aqueles asentamentos de poboación que sexan resultado da concorrencia e compatibilidade no seo dun mes



mo asentamento rural dos dous tipos básicos anteriores

Con esta medida rómpese coas formulacións anteriores que impedían a posibilidade de delimitacións que desen resposta ás necesidades de crecemento e desenvolvemento dos asentamentos rurais, polo que propónse a adopción polo pleno do seguinte acordo:

Que por parte do concello de Vedra se realice un estudo e unha análise dos distintos núcleos deste concello e se realicen todos os trámites necesarios para modificar no PXOM todos aqueles núcleos rurais do Concello de Vedra que se poidan ver mellorados e amplialos pola modificación da lei do solo de Galicia, e igualmente adaptalos ó parcelario actual.

Intervén o Sr. Martínez do PP e expón que un dos problemas do rural era que os núcleos eran moi restrictivos e que non se podía parcelar nas zonas de expansión de núcleo rural (N-2), xa contemplada na modificación. Di tamén que efectivamente existen dúbidas sobre a súa aplicación, por iso solicitan que primeiramente se faga un estudo sobre os núcleos que poden ser mellorados en canto á amplialos e tamén adaptalos ó parcelario actual, e se ese estudo é positivo plantexar a modificación dos mesmos.

O Sr. Alvela de TEGA di estar de acordo en que se faga un estudo e se se pode mellorar a situación actual parécelle positivo

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que tamén lle parece ben que se faga o estudo en tanto non se aprobe definitivamente a lei

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que quere deixar constancia que o seu grupo vai apoiar a moción no sentido de que é positiva para os veciños de Vedra e que no sentido en que está formulada como un estudo, unha posibilidade de modificar o PXOM que sexa favorable ós veciños, porque a día de hoxe aínda non está claro o tema.

Sométese a votación e o Pleno, por unanimidade dos asistentes, aproba a citada moción.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG de apoio ó consenso establecido no plano de normalización lingüística do 2004

Dáse conta da moción do BNG na que se expón que nunca ata o momento en trinta anos de vixencia do actual Estatuto de Autonomía un goberno da Xunta de Galicia se atrevera a aplicar unha política lingüística tan agresiva e regresiva, chegando á vulneración da legalidade vixente e á anulación dos dereitos democráticos no ámbito lingüístico

Así no caso do ensino as denominadas Bases para o Decreto do Plurilingüismo consideran na práctica ó galego como un idioma non apto para o ensino das matemáticas, da física, da química ou da tecnoloxía, e vai provocar

que milleiros de nenos/as galegos non teñan dereito durante toda a etapa infantil (ata os seis anos) a manter un mínimo contacto coa lingua galega no propio sistema educativo. O mesmo tamén se pode comprobar noutros ámbitos; así modifícase a Lei da Función Pública para eliminar calquera proba obrigatoria en galego nos procesos selectivos de persoal, vulnérase a Lei 4/2006 no referente ó uso público do galego por parte de membros e altos cargos do Goberno, exclúese o galego das oposicións ó ensino e sanidade, suprímense subsidios á tradución ó galego (caso único no Estado español), exclúese o galego de diversas páxinas web oficiais, realízanse campañas institucionais en español (Galicia Calidade), instálase sinalética en español nas estradas (Xacobeo), e incluso chegan a ensalzar a figura de Uxío Novoneira, a que este ano se lle dedica a conmemoración do Día das Letras galegas traducindo a súa obra ó español

Por todo iso e como medida de compromiso co idioma a adoptar polo concello co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, propónse ó pleno a adopción dos seguintes acordos:


1º.- Rexeitar as *Bases para o Decreto do Plurilingüismo* feitas públicas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e reafirmar o compromiso municipal co consenso establecido, no ámbito do ensino, no Plano Xeral de Normalización da Língua Galega, aprobado de xeito unánime polo Parlamento de Galicia en setembro de 2004

2º.- Manifestar a adhesión ó texto da *Iniciativa Popular pola Garantía dos Dereitos Lingüísticos* promovida pola Plataforma Queremos Galego

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que é un debate xenérico no país e que como se indica no preámbulo da moción nunca antes de atacou tanto unha lingua que necesita o apoio, o impulso das administracións para pervivir como no último ano no que leva gobernando o PP en Galicia. Di que se carga o consenso que estaba establecido dende o 2004 en materia de normalización lingüística pese a que fagan chamadas a un Pacto Lingüístico, que xa existía.

Di tamén que todos os estudos públicos feitos nos últimos anos demostran que os rapaces dun entorno castelanofalante que saen do ensino medio non acadan competencias plenas tanto na fala como na escrita no galego, non ocorre así nos nenos galegofalantes que si acadan competencias plenas no idioma castelán, e sen embargo seguen a vendernos que o castelán está en perigo; incluso as leis comunitarias con respecto as linguas minoritarias falan de medidas de impulso, de discriminación positiva de cara a estas linguas que están en situación minoritaria e opresiva

Expón ademais que do que se trata non é de cada persoa fale o idioma que elixa libremente, senón de garantir ás plenas competencias lingüísticas de todos en calquera das dúas linguas e isto non é posible tal e como está nestes momentos a situación do galego, refrendada por estudos de moi diferentes organismos se non se aplican medidas positivas, ppr iso o BNG solicita a volta á consenso establecido, a gardar as formas, e isto non ten nada que ver coa liberdade de cada político a usar no ámbito privado a lingua que elixa, pero en público debe dar exemplo e promocionar o uso do noso idioma na sociedade



Solicita tamén que o concello refrende esa iniciativa popular que se puxo en marcha para intentar frear estes demáns dun goberno que está a voatr por terra o consenso acadado co anterior goberno do PP.

O Sr. Alvela de TEGA di que vai votar a favor da moción, aínda que mantén reservas en algunhas cousas

O Sr. Martínez do PP di que non vai a entrar en polémicas, que o debate deste tema xa se fixo noutras ocasións, e que é moito máis complexo do que parece porque sinceramente é un problema de coñecemento e ademais que non no BNG pero no PSdeG-PSOE hai responsables políticos que non son coherentes neste tema, pois se eres coherente debes usar esa lingüa no ámbito privado, que é realmente onde está o problema.

Expón que dende 1985 a pesares das políticas levadas a cabo fóronse perdendo galegofalantes, nin tan sequera as medidas adoptadas polo bipartito solucionaron o problema, se realmente existe

Di tamén que a moción na súa exposición de motivos é dura, incluso se fala de ilegalidade, sendo os tribunais os encargados de dicir se iso é así, e que hoxe o Consello da Xunta ven de aprobar o ensino no 50% en galego, estando de acordo en que o galego hai que protexelo e favorecer o seu uso con medidas positivas, pero discrepa das medidas

Por último sinala que lle gustaría coñecer a raíz do problema, porque o certo é que hoxe en día os nenos/nenas estudan máis que antes , e que dende logo lle gustaría acadar un consenso, e que con respecto ó PP de Vedra non hai nada que dicir en canto ó uso do galego e para evitar malos entendidos o seu grupo vai absterse na votación

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que o seu grupo vai apoiar a moción porque abriuse un debate na sociedade que non ten ningún sentido, promovido por algúns sectores reaccionarios dende fóra de Galicia para captar un determinado sector de votos.

Expón de seguido que como dixo dona Xosefina no anterior goberno do PP non se chegara a estos extremos, adoptando unha serie de medidas que abriu un debate sobre da cuestión lingüística innecesario e prexudicial, porque dende logo o galego é a riqueza máis grande que temos en Galicia e as medidas que o apoiem son necesarias e imprescindibles ó estar en perigo.

Xosefina R. Guitián di que non é un problema de uso porque existe un entorno en castelán que propicia moi ben o castelán e que se use cada vez máis

Expón que non se coñecen os froitos das medidas adoptadas polo bipartito porque se botaron abaixo e que sen ben existía un consenso con respecto ó uso do galego no ensino non se estaba a respectar nas cidades, porque a escola nas cidades e nas vilas é un elemento castelanizador, e así o denuncian moitos pais que están a educar ós seus fillos en galego.



O Sr. Alvela di que no momento actual de globalización implica asimesmo que o casteán sexa máis coñecido.

O Sr. Martínez di que se nas aulas non se cumpre a lei é responsabilidade de todos denuncialo, e pregúntalle á voceira do BNG se cree que se resolve o tema do uso do galego fóra das aulas establecendo unha porcentaxe no ensino?, porque entende que non é un problema de coñecemento senón de uso

Dona Xosefina contéstalle que o debate é dentro e fóra das aulas, e así na súa primeira intervención xa falou dalgunha medida, como eliminar o galego nas probas de acceso á función pública e que en canto ás medidas adoptadas polo bipartito para o uso do galego no 50% das materias se intentou vixiar para facelo cumprir, provocando a resposta dun sector da sociedade, apoiado pola campaña mediática dun sector moi poderoso do resto do estado, que comparaban a situación coas que se estaban a dar no País Vasco e Cataluña, por ser linguas minoritarias

Por último di que ela tamén está a favor de apoiar o coñecemento do castelán e dun segundo idioma estranxeiro

Posta a votación a citada moción apróbase con 7 votos a favor do PSdeG-PSOE , TEGA e BNG e 5 abstencións do PP

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

Quedan pendentes de contestar por ausencia do Presidente.

7º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que estaba á espera da resposta pola Presidencia á pregunta sobre se as antenas de telefonía móbil tiñan licenza municipal. De ser negativa gustaríalle que o concello iniciase as medidas oportunas para subsanar esta situación e incluso estudar a posibilidade de que aquelas que están moi perto de núcleos poboados se non teñen licenza cambialas de sitio

Ademais pregunta:

1.- Que produto herbicida se está a aplicar nas gábias do concello e se se estudou a posible contaminación dos cursos de auga?

2.- En relación ó arquivo municipal, se co persoal que estivo a traballar no mesmo quedou toda a documentación e non só a da emigración, senón todos os fondos arquivísticos do concello de Vedra , tanto histórico como recentes, absolutamente catalogados?

--O Sr. Alvela de TEGA pregunta se o concello ten coñecemento de que na aldea de Canicoba, ó pasar a ponte da autoestrada, existen polo extremo dunha finca uns postes de cemento semellantes ó do alumeadado público, previsiblemente para a construción dun cerramento.



--O Sr. Martínez do PP, súmase á pregunta formulada pola concelleira do BNG sobre do tipo de herbicida que se está a aplicar nas gábias municipais, xa que recibiu moitas queixas de veciños sobre da forma de aplicación

--O Sr. Costa do PP roga que dende o grupo de goberno se fagan as xestións para que no centro de San Xián, aproveitando as obras que se están a levar a cabo, antes das beirarrúas se estude a posibilidade de deixar o cableado enterrado. De non ser posible polo menos que se deixe cada poucos metros unha arqueta e tubo

Intervén a Presidencia e sinala que a tubería vai pegada o bordillo por debaixo da plaqueta e polo tanto hai que instalala no momento no que se faga a beirarrúa

Con respecto ó herbicida que se está a aplicar nas gábias municipais di que na maior parte das queixas recibidas dos veciños son infundadas , dado que as reclamacións son por efectos en terreo municipal, e de seguido cédelle a palabra á concelleira dona Ana B. Picón, quen di que o produto que se está a aplicar non esponxea o terreo, non ten problema cos acuíferos, que está dosificado para 5-10 litros e que se está a aplicar na dose máis baixa (5 litros), e que se aplica dese xeito porque experimentouse de xeito manual (persoalmente) pero que non era factible polos mts de gábias do termo municipal.

Di tamén que se aplicará dúas veces ó ano e que se realmente existe algunha reclamación fundada que se estudiará.

--Don Rogelio Lema do PP pregunta se iso implica que non se vai utilizar a desbrozadora, contestándolle a Presidencia que se vai continuar , pero que se probou con este produto para abaratar custos de gasóleo , arranxo de maquinaria ...etc, pero que non se vai usar de xeito contínuo.

En relación coa pregunta sobre do arquivo municipal formulada por dona Xosefina R. Guitián nesta sesión, a concelleira de cultura, dona Lucía González ,contéstalle que por unha banda existe o arquivo de emigración, que está na biblioteca municipal feito por becarios da Facultade de Historia, e por outra banda existe o arquivo municipal que está na Casa do Concello, non existindo un funcionario encargado do mesmo, senón becarios que son os encargados de expurgar e catalogar a documentación, estando a día de hoxe os documentos máis históricos perfectamente catalogados.

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e trinta minutos

